

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

1. Destes seis termos, elixe só catro e defíneos:

(extensión recomendada, 3-4 liñas por termo) (2 puntos, 0,50 por termo):

-Castro, Mesta, valido, ludismo, Semana Tráxica, Fronte Popular

2. Explica a seguinte cuestión (extensión recomendada unha cara de folio, 25/30 liñas) (3 puntos):

Escolle e responde só unha destas tres opcións:

- a) As crises baixomedievais
- b) A configuración do imperio español no século XVI
- c) As ideas fundamentais do pensamento ilustrado

3. Composición histórica (5 puntos):

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a vida política da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos aos obxectivos e ao funcionamento do sistema de quendas entre partidos, ás características dos mecanismos electorais que o facían posible e os seus efectos.

Doc. 1. O turnismo visto polo historiador Miguel Artola:

“A quenda é unha fórmula política que ofrece vantaxes inmediatas a cambio de enormes riscos a medio prazo... No canto da inestabilidade e o perigo, a quenda ofrece, a cambio dunha pequena manipulación, a posibilidade de que ambos os partidos poidan desenvolver os seus programas satisfacendo a maior número de electores e asegurando unha evolución pacífica (...). Os efectos perversos da quenda pactada derívanse da perda de información respecto da opinión pública (...). A separación conceptual da España real e a España oficial que leva irremisiblemente aparelada a contraposición dunha e outra, así como a condena da última, non é máis que a consecuencia previsible e inevitable da aceptación do principio da quenda”.

Fonte: J.L. García Delgado y otros, *La España de la Restauración*, Madrid, Editorial s. XXI, 1985, p. 15.

Doc. 2. Artículo contra o caciquismo publicado no xornal *El Imparcial*, o 18 de outubro de 1883:

“É necesario (...) poñer man nisto e romper esa vinculación de poderes, pola que resulta que unha soa persoa, allea a todo cargo oficial, e libre, por tanto, de toda responsabilidade, constitúe unha maxistratura anónima, pero omnipresente e práctica, un despotismo peor cen veces que o dos reis absolutos, porque tendo por seus o recadador de impostos, o alcalde e o xuíz, a facenda, a honra e ata a vida dos homes honrados están a mercé dese gran especulador da política que se chama cacique (...)”.

Doc. 3. O fraude electoral según Benito Pérez Galdós (1884):

“É moi triste como se fixeron as últimas eleccións, co menor número posible de electores, con bastantes resurreccións de mortos e non poucas violencias e atropelos. Xa é costume que só voten os que dunha maneira ou outra sacan partido das amizades e servizos políticos e a inmensa maioría da nación, mirando tan importante acto con desdén, abstense de tomar parte nel, segura de non alcanzar por procedementos representativos o remedio dos seus males (...). Resultado desta fraude pública, é que as eleccións as fai o ministro da Gobernación, e daquela fábrica de votos saen tamén as minorías. Non podendo marchar ben o sistema sen oposición, o goberno fabricaa co mesmo celo que pon na construción da maioría”.

Fonte: B. Pérez Galdós, “Política española”, *Antología de artículos*, 1884.